

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS DE SERVIZOS VARIOS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE).

Sendo as 12:00 horas do día 21 de xullo de 2017, constitúese na Sala de Xuntas do Concello de Vilariño de Conso o Tribunal cualificador das probas selectivas para a contratación laboral temporal de 2 peóns de servizos varios do programa de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade do Concello de Vilariño de Conso, polo sistema de concurso, e que conta coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: D. José Olivier Reboredo Campos (Xefe de Servizo de Emerxencias da Xunta)

Vogal: D^o. María de los Ángeles Crespo García (Administrativa do Concello de A Mezquita).

Vogal: D. Jacinto Fernández Macía (Coordinador de emprego e desenvolvemento local do Concello de A Gudiña)

Secretaria: D^a. Ana María Loureiro Silva, Secretaria- Interventora do Concello de Vilariño de Conso (con voz e sen voto).

O tribunal procedeu á realizar a entrevista persoal e valoración de méritos segundo consta na acta da sesión celebrada en data 29 de xuño de 2017, de acordo co previsto nas bases reguladoras do proceso de selección.

Presentouse por parte de un aspirante, D. Santiago Diéguez Martínez reclamación contra a puntuación outorgada, alegando que a súa puntuación por experiencia profesional é incorrecta, debendo ser de 8,11 puntos, por tela acreditado coa aportación de certificado de vida laboral.

Procedese polo tribunal a revisar a puntuación outorgada inicialmente por experiencia profesional de 3 puntos, e comprobase que a mesma é correcta. Segundo a base sétima das bases reguladoras da selección, para a xustificación da experiencia profesional deberanse aportar orixinal ou copia compulsada de informe de vida laboral e orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados. O aspirante aportou informe de vida laboral, pero soamente aporta certificado de servizos de determinados periodos de traballo, os cales foron valorados; dos períodos de traballo a maiores que indica na reclamación, non aporta nin contratos de traballo nin certificados de servizos, e por tanto non foron valorados. En consecuencia, o tribunal por unanimidade acorda desestimar a reclamación presentada por D. Santiago Diéguez Martínez.

As puntuacións finais acadadas polos aspirantes son:

APELIDOS	NOME	EXP. PROFESIONAL	DESEMPREGO	FORMACIÓN	CELGA	ENTREVISTA	BAREMACIÓN TOTAL
Alonso Nieves	Pedro	2,2	0,7	0	0,6	5	8,5
Blanco Fernández	Pedro	5	0,3	0,8	0,2	4,5	10,8
Castro Domínguez	Miguel	5	1,8	0,3	0,2	4,5	11,8
Diéguez Martínez	Santiago	3	0	0	0,4	4,5	7,9
Estévez Rodríguez	Ivar	0	0,4	0	0,8	4	5,2
Fernández Blanco	Daniel	1,2	0	0,1	0,6	3,5	5,4
Fernández Pérez	Daniel	5	0	0,9	0,6	3,5	10
Gibert Sánchez	Raúl					NON PRESENTADO	NON PRESENTADO
González Alonso	Lois					NON PRESENTADO	NON PRESENTADO
Jiménez Vargas	Benjamín	3	0,7	0,4	0,2	5	9,3

Núñez Núñez	David	4,6	0,6	0,6	0,2	5	11
Rodríguez Barja	Cristina	1,2	1	0,6	0,6	3,5	6,9
Vega Macía	Óscar	1,6	0	0,7	0,6	5	7,9

En base ó exposto, o tribunal acorda por unanimidade, manter a mesma proposta de contratación dos seguintes candidatos:

APELIDOS	NOME	EXP. PROFESIONAL	DESEMPREGO	FORMACIÓN	CELGA	ENTREVISTA	BAREMACIÓN TOTAL
Castro Domínguez	Miguel	5	1,8	0,3	0,2	4,5	11,8
Núñez Núñez	David	4,6	0,6	0,6	0,2	5	11

Os candidatos propostos de acordo co previsto na base décima, deberán achegar no prazo de dous días hábiles a seguinte documentación, agás que xa se presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

-Certificación médica actualizada na que faga constar expresamente que o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

-Copia compulsada da tarxeta da seguridade social.

Os candidatos non propostos, formarán por orde de puntuación unha bolsa de emprego nos termos previstos nas bases reguladoras.

Sendo as 12:20 horas do día citado no encabezado, o Presidente do Tribunal levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE,



D. José Olivier Reboredo Campos

A SECRETARIA,




Dª. Ana María Loureiro Silva

VOGAL,



D. Jacinto Fernández Macía

VOGAL,



Dª. María Ángeles Crespo García